

## **BASES DA PROMOCIÓN | Puleva Sabe a Galicia**

### **1. Empresa responsable**

A sociedade de nacionalidade española PUBLIGAL S.L con C.I.F. B-36620151, cuxa sede social está en Rúa Doutor Cadaval N°2, 4º J, 36202 Vigo (Pontevedra), para promocionar as vendas dos produtos da marca "PULEVA", vai desenvolver unha campaña promocional que se rexerá polas presentes Bases Legais.

### **2. Datás da promoción**

A promoción desenvólvese desde/dende as 00:00 horas do 1 de maio ata as 23:59 horas do 31 de xullo de 2021, ambos incluídos.

### **3. Participación e Establecementos adheridos á promoción**

Unicamente poderán participar nesta promoción persoas físicas maiores de 18 anos residentes en España que realizen unha compra igual ou superior a 6€ en produtos Puleva (bebibles) en calquera establecemento físico do territorio nacional. Quedan excluídas desta promoción as compras en establecementos online.

### **4. Produto promocionado**

Toda a gama de produtos bebibles Puleva: Batidos Puleva, Puleva Omega 3, Puleva Eco, Puleva Sen Lactosa, Puleva Max, Puleva Peques, Puleva Cabra, Puleva Fresca, Puleva Calcio, Café con leite Puleva.

### **5. Páxina da promoción**

O rexistro para participar nesta promoción realizarase na seguinte dirección da internet: [www.pulevasabeagalicia.com](http://www.pulevasabeagalicia.com)

### **6. Atención ao cliente**

O cliente disporá dun formulario de contacto situado na url [www.pulevasabeagalicia.com/contacto](http://www.pulevasabeagalicia.com/contacto). Na home da páxina da promoción disporá dun acceso directo a este formulario denominado "contacto".



## 7. Obxecto da promoción

O obxecto da promoción é unha acción publicitaria denominada “Puleva sabe a Galicia” coa que se pretenden promocionar os produtos bebibles de Puleva, de tal xeito que os consumidores que realicen unha compra superior a 6 € nestes produtos e se rexistren na promoción debidamente e cumpran coas condicións e requisitos establecidos nestas Bases, poderán gañar 300 € en Hallcash.

## 8. Agasallo (limitado a 90 unidades)

A promoción está limitada á entrega dos seguintes agasallos dispoñibles por “sorteo”:

9 premios de 300€ mediante Hallcash, de tal maneira que o gañador recibirá un SMS cun código no número de teléfono achegado, para que posteriormente este poida retirar o diñeiro do caixeiro en efectivo sen ser cliente do banco nin utilizar tarxetas de crédito. Máis información en <https://www.halcash.com/es/>

## 9. Mecánica da promoción

Para participar na promoción, o usuario terá que realizar unha compra de polo menos 6 € en produtos bebibles Puleva en calquera establecemento físico de España dentro das datas da promoción. Quedan excluídas desta promoción as compras en establecementos online.

A continuación, e sempre dentro das datas da promoción, terá que rexistrarse na páxina web [www.pulevasabeagalicia.com](http://www.pulevasabeagalicia.com) e subir unha fotografía do tícket dunha data que estea dentro das comprendidas na promoción que reflecta a compra dos devanditos produtos.

Ó rexistrarse solicitaránselle diversos datos persoais: Nome e Apelidos, Teléfono móbil, E-mail, Nome do establecemento comercial, Poboación, Provincia, Fotografía do tícket da compra.

Na fotografía do tícket de compra deberán verse claramente os seguintes datos:

- Data do tícket de compra
- Nome do establecemento onde se realizou a compra e que apareza claramente visible no tícket de compra
- Hora e minutos do tícket de compra
- Importe total do tícket de compra
- Produtos de Puleva que se compraron e que pertencen á gama da promoción

Cada tícket de compra válido computará no sistema como unha papeleta para os sorteos. Cada tícket rexistrado soamente pode participar unha vez. Se se detecta un rexistro no que se inclúa un tícket xa rexistrado con anterioridade esta participación será cancelada e non entrará no sorteo correspondente. Ademais notificaráselle ó participante a través do e-mail que ese tícket non é válido xa que foi rexistrado anteriormente.



Os sorteos dos 9 premios de 300 € realizaranse do seguinte modo, distribuiranse en 3 sorteos de 3 premios cada mes.

As datas dos sorteos serán as seguintes:

- 2 de xuño de 2021: 1º sorteo de 3 Premios de 300 € entre todos os rexistros válidos realizados entre o 1 e o 31 de maio de 2021.
- 2 de xullo de 2021: 2º sorteo de 3 Premios de 300 € entre todos os rexistros válidos realizados entre o 1 e o 30 de xuño de 2021.
- 2 de agosto de 2021: 3º sorteo de 3 Premios de 300 € entre todos os rexistros válidos realizados entre o 1 e o 31 de xullo de 2021.

Para levar a cabo os sorteos, recolleranse nun listado os nomes de todos os usuarios que se rexistraran na páxina da promoción nas datas sinaladas anteriormente para cada sorteo.

Con estes nomes realizarase o sorteo, a través dun sistema informático aleatorio extraeranse 3 gañadores e 3 reservas.

Os gañadores dos sorteos serán informados da súa condición de gañadores así como do premio obtido a través dun correo electrónico que se lle enviará á súa dirección de e-mail. En caso de que o gañador renuncie ó premio ou non cumpra algún dos requisitos esixidos, o premio correspondente pasará ó primeiro reserva da lista e así sucesivamente ata un máximo de 3. No suposto de que os reservas tamén renunciaran ou tampouco cumpriran os requisitos, o premio correspondente declararase deserto.

Aquel participante que resulte gañador de algún dos sorteos xa non participará nos sorteos seguintes.

Unha vez finalizada a promoción e enviados todos os premios establécese un período de 15 días naturais dende a finalización da promoción para calquera reclamación, é dicir a partir do 15 de agosto de 2021 non se admitirán reclamacións.

## **10. Envío dos agasallos**

O gañador recibirá un SMS cun código no número de teléfono achegado, para que posteriormente este poida retirar o diñeiro do caixeiro en efectivo sen ser cliente do banco nin utilizar tarxetas de crédito. Máis información en <https://www.halcash.com/es/>

O incumprimento por calquera participante das condicións establecidas nas Bases suporá a anulación automática de dita participación. Do mesmo xeito, calquera indicación falsa ou indicios de identidade falso ou fraude, ocasionará a descalificación inmediata do participante e, no seu caso, a imposibilidade de gozar do agasallo.



## 11. Protección de datos

Os datos de carácter persoal que os participantes faciliten á compañía PUBLIGAL e a Puleva como promotor desta promoción co fin de poder participar no presente concurso, quedarán incorporados a un ficheiro de datos propiedade das mesmas. Os usuarios poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, oposición e/ou cancelación dos seus datos enviando un correo electrónico a [comunicacion@pulevasabeagalicia.com](mailto:comunicacion@pulevasabeagalicia.com) cunha imaxe do DNI indicando que dereito quere exercer.

A mecánica da promoción, esixe que os datos sexan facilitados de forma veraz e completa, e que sexan mantidos actualizados grazas á cooperación dos participantes. Se os datos de carácter persoal fosen incertos, incompletos ou non fosen actualizados, Publigal e Puleva quedarían liberadas, respecto dos casos concretos, do bo fin da promoción e de calquera consecuencia relacionada co anterior, chegando se non hai máis remedio á non declaración de beneficiarios da promoción.

Os participantes na promoción consenten de forma automática en que os datos facilitados sexan utilizados e tratados, ademais de coa finalidade de participar na promoción, para a investigación, promoción e comercialización dos servizos e produtos de Publigal e Puleva. Estes datos poderán ser postos ao dispor doutras empresas do grupo ou clientes para idénticos fins, de cuxa identificación se lles informará debidamente. Así, de conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro de 2018, sobre Protección de Datos de Carácter Persoal, enténdese prestado o seu consentimento para o tratamento dos datos persoais fornecidos exclusivamente para os fins anteriormente mencionados.

